

Un fragmento dun manuscrito medieval do *Livro da Montaria* de D. João I de Portugal

Ramón Lorenzo

Universidade de Santiago de Compostela

Para D. Luís Manuel Rei Taboada

RESUMO:

Neste artigo dáse a coñece-lo descubrimento do único fragmento conservado do manuscrito medieval do *Livro da Montaria* de D. João I. Fálase das vicisitudes polas que pasou o manuscrito medieval, faise a transcripción do fragmento, indícanse as características gráficas e lingüísticas do texto e compárase coa única copia coñecida de finais do XVIII ou inicios do XIX e coa edición moderna desta copia.

Palabras chave: Literatura portuguesa medieval. Prosa didáctica. Portugués medieval.

ABSTRACT:

This article deals with the discovery of the only fragment which is conserved from the mediaeval manuscript of the "Livro da Montaria" by D. João I. There is a description of the vicissitudes suffered by the mediaeval manuscript, a transcription of the fragment is made indicating the graphical and linguistic characteristics of the text and it is compared with the only copy known since the end of the 18th century or the beginning of the 19th century and with the modern edition of this copy.

Key words: Mediaeval Portuguese Literature. Didactic Prose. Mediaeval Portuguese.

Data de aceptación: novembro de 2000.

1. D. João I e o seu *Livro de Montaria*. O manuscrito e as copias.- D. João I (1357-1433, rei en 1385) escribiu o seu *Livro da Montaria* despois de 1415, ano da conquista de Ceuta, posto que ó comezo do libro se chama rei de Portugal e dos Algarbes e Señor de Ceuta (Pereira, 1918, p. XXII). Despois da súa morte, o manuscrito orixinal quedou na Biblioteca do seu fillo, o rei D. Duarte, como sabemos polo catálogo dos libros que posuía, que se reproduce no *Livro da Cartuxa* (ed. 1982, pp. 206-208), onde se di: “Estes são os liuros que tinha el rey dom Duarte” (p. 206). No catálogo, despois de indica-los libros que tiña en latín (20 en total), aparece o “Título dos liuros de lingoajem do claro rey dom Duarte” (ed. 1982, p. 207). O número 12 destes é o “Liuro de Monteria que copilou o vitorioso Rey dom Yohão, ao qual Deus de eternal gloria” (ed. 1982, p. 207). Tamén posuía o rei o “Liuro de montaria per castelão” (número 48) e outro “Liuro de montaria” (número 52; ed. 1982, p. 208), que non sabemos en que lingua estaba.

D. Duarte utilizou o libro e citouno no *Leal Conselheiro* e no *Livro da ensinança*. No primeiro refírese ós libros que escribiu seu pai: “E ssemelhante o muy excelente e virtuoso rey, meu senhor e padre, cuja alma Deos aja, fez hũu livro das oras de Sancta Maria e salmos certos por os finados e outro da *Moontaria*” (ed. 1942, cap. XXVII, pp. 109-110). No segundo fala da doutrina contida no libro: “E por se ferirem mais prestemente, El rrey meu senhor põe algũus avisamentos no seu *Livro da Montaria*, de nom levar a lança muito so o braço, por a pontaria nom perder, e de leixar a veaçom encarreirar ou correr por algũu sopee, por nom fazer volta. E ssobr’ello, per que o elle screveo e pertêecer principalmente mais a ssajaria de boo moonteiro que aa soltura, sobre que screvo, nom faço dello mais meençom por acabar as tres partes suso scriptas em que comecei” (ed. 1944, cap. XI da 5ª parte, p. 106).

Son as únicas referencias que temos do manuscrito en Portugal, pois desde entón ninguén falou del nin o viu no país veciño, pero isto non quere dicir que desaparecese, pois no ano 1626 había un exemplar no Colexio da Compañía de Xesús de Monforte de Lemos (en Galicia), como nos indica o Bacharel Manuel Serrão de Paz nas palabras que puxo ó inicio do traslado que fixo do texto nese ano: “Libro de Monteria composto polo Señor Rey / Don Joaom de Portugal, e dos Algarues, e Señor / de Ceuta, trasladado de un Original de maom es/crito en pergaminho que se achou na Libreria do Collego / da Comp.^a de Ihs de Monforte de Lemos polo Bacharel Manoel / Serrão de Paz este anno de mil e seyscentos, e uinte e seys” (ms., p. 1; ed. 1900, p. 15; Pereira, 1918, pp. VI e 1)¹.

Tampouco se conserva a copia feita por Serrão de Paz no XVII, pois a nós só nos chegou unha copia dela realizada a finais do XVIII ou inicios do XIX por Fr. A. C?. Esta copia estaba en 1844 en posesión de Tomaz Norton, Desembargador da Relação do Porto, e despois pasou á Biblioteca Nacional de Lisboa, onde ten o número 4352 dos manuscritos (Pereira, 1918, pp. IX-X). O autor desta copia conservada puxo ó final do texto as seguintes palabras: “Copiado

¹ Agradézolles ós profesores Ivo Castro e Isabel Vilares Cepeda o envío da fotocopia de varios folios do manuscrito 4352 da BN que necesitaba para este traballo.

fielmente com todas as variações orthographicas que vinhão no Manuscrito, com todas as phrazes / não acabadas, e periodos inintelligiveis, sem que lhe mudafse cousa alguma: até os borrões lhe copiaria, se não temefse / que m'os attribuísem, e não ao Manuscrito. Só lhe accrescentei alguns accentos para que ficafse menos inintelligivel (*está corrigido*). Estou cer/to que me imputarão muitos erros que não são meus. Ora é pena que eu não esteja lá com o Manuscrito nas mãos para lhes mostrar / o contrario, e lhes roçar os narizes com elle. Paciencia, sobre paciencia! Que bastante tive em atentar em palavra por / palavra, mas até letra por letra” (ms., p. 267; ed. 1990, p. 279; Pereira, 1918, pp. VI-VII e 428-429).

Do manuscrito de Monforte non se tiñan noticias desde a expulsión dos xesuítas no século XVIII e dábase por perdido, pero a casualidade fixo que chegase ás miñas mans un folio desta magna obra, e a el referireime máis adiante.

2. O Cardeal D. Rodrigo de Castro e o Colexio de Monforte: un pouco de Historia.- ¿Como chegou o manuscrito do *Livro da Montaria* ó Colexio dos xesuítas de Monforte de Lemos? Tivo que ser a través do Cardeal D. Rodrigo de Castro Osorio. Fagamos un pouco de historia². D. Rodrigo era fillo de dona Beatriz de Castro, III Condessa de Lemos, casada primeiramente, en 1502, con D. Dionís de Portugal (fillo do Duque de Braganza e de dona Isabel, irmá do rei D. Manuel), do que tivo nove fillos, entre eles a D. Fernando Ruiz de Castro, IV Conde de Lemos; a D. Afonso de Lancáster, Comendador Maior da Orde de Cristo de Portugal; a D. Pedro de Castro e Portugal, bispo de Salamanca e Cuenca; a dona Isabel de Lancáster, casada con D. Teodosio, V Duque de Braganza; a dona Constanza de Castro, monxa en Lisboa, e a dona Antonia de Lancáster, casada con D. Álvaro Coutiño, Mariscal de Portugal. Morto D. Dionís,olveu casar dona Beatriz, esta vez con D. Álvaro Osorio, e deste matrimonio naceu D. Rodrigo de Castro Osorio, o futuro Cardeal. Morto D. Dionís, D. João III, seu primo, levou para Portugal a algúns dos medios irmáns de D. Rodrigo. Desta maneira D. Afonso e D. Pedro educáronse na casa do Duque de Braganza e as fillas no palacio da raíña viúva dona Leonor de Portugal, mentres que D. Rodrigo se educou en Monforte, pero, malia a separación, o Cardeal sempre tivo moi boas relacións con todos eles ó longo da súa vida e tamén cos Condes de Lemos (Cotarelo, I, pp. 20-22).

D. Rodrigo de Castro (1523-1600), despois de criarse en Monforte, estudiou en Salamanca, foi cóengo e chantre en Cuenca (1559), inquisidor en Valladolid, bispo de Zamora (1574) e de Cuenca (1578-1581), arcebispo de Sevilla (1582-1600) e Cardeal en 1583. Estando en Salamanca, tivo moita relación cos Duques de Braganza, que o trataban coma a un fillo e lle enviaban regalos. D. Rodrigo mesmo chegou a visitar á Duquesa dona Isabel de Lancáster, súa media irmá, e ó Duque, que estaba en Lisboa. Á parte as viaxes que fixo a Portugal, viaxou por Francia, Italia, Alemaña, Flandes e Inglaterra, moitas veces en misións

² Agradézolle ó profesor Eduardo Pardo de Guevara as indicacións que me deu antes de consulta-la obra de Cotarelo sobre o Cardeal.

encomendadas por Felipe II, co que tiña unha grande amizade. Coñeceu a numerosos papas, a moitísimas personalidades e foi un gran mecenas, pois tiña unha tertulia-academia en Sevilla e favoreceu a moitos escritores. Era un dos homes máis ilustrados do seu tempo e interesouse pola Arquitectura, a Escultura, a Pintura, a Música, as xoias, os mobles, a Orfebrería, etc. e tamén de maneira especial polos libros, cos que se foi facendo polos distintos lugares por onde pasou ata chegar a posuír unha magnífica Biblioteca (Cotarelo, I, pp. 19-178, 193ss.; II, pp. 84-100).

Cando se suscitou a cuestión da sucesión ó trono de Portugal, despois da morte do rei D. Sebastião, e durante o breve período do reinado do Cardeal Infante D. Henrique, figuran entre os pretendentes á coroa tres netos do rei D. Manuel I, que son Felipe II, a Duquesa de Braganza e o Prior do Crato. D. Rodrigo intervén activamente na cuestión pola relación cos Duques de Braganza e cruza con eles numerosa correspondencia, aínda que non consegue do rei que o deixe ir a Portugal. Morto o Cardeal Infante, Felipe II invade Portugal en 1580 e coróase rei, polo que as relacións do Cardeal cos seus parentes portugueses pasan por momentos delicados. Isto solvéntao en 1582, cando, por fin, pode pasar nove meses en Lisboa e restablece as relacións cos sextos Duques de Braganza e con outros parentes.

Foi nesta ida a Portugal en 1582 cando D. Rodrigo se tivo que facer co manuscrito do *Livro da Montaria*. De D. Rodrigo sabemos que tiña un grande interese polos manuscritos medievais e pola montería. Así, estando en Cuenca de bispo, copiou nun códice as crónicas reais desde Afonso X a Afonso XI, como consta nunha nota na que nos informa que acabou de copiar a Crónica o mércores 25 de maio de 1579 (Cotarelo, I, p. 111). Tamén sabemos que na Catedral de Cuenca achou un códice de letra gótica do XV coa *Vida* de San Isidoro, as *Cartas* que lle escribiu a S. Braulio, coas respostas deste, e as *Etimoloxías* e que llo mandou a Felipe II para a Biblioteca que formaba no Escorial (Cotarelo, I, p. 111). Por outra banda, o seu interese pola cetrería e montería proporcionoulle algúns disgustos e críticas, “por manter tren de caza con traillas de perros y especialmente de cetrería con halcones y otras aves, en que gastaba muchos dineros y de que recibíó disgustos” (Cotarelo, I, p. 153; cf. p. 233).

Este interese polos libros e pola montería foi o que o levou a facerse co *Livro da Montaria* de D. João I, pero non sabemos cómo chegou ás súas mans. Polo que dixeran antes, na Biblioteca de D. Duarte estaba o manuscrito orixinal e ademais había outro *Livro da Montería*, do que non se nos di se era unha copia do manuscrito real ou era outro libro diferente. Se era unha copia do manuscrito real, D. Rodrigo puido levar para Sevilla esta copia ou ben o propio manuscrito real. ¿Foi un regalo de Felipe II? Non é probable ¿Foi un regalo dos Duques de Braganza? ¿Atopouno el mesmo nalgún lugar e apoderouse del? Nada sabemos. O que si é certo é que á morte do Cardeal-Infante e durante a disputa pola coroa, coa invasión de Portugal por Felipe II, a Biblioteca Real debeu quedar desprotexida e os propios Duques de Braganza ou outras persoas puideron ter acceso a ela e apoderarse dos manuscritos. O feito é que D. Rodrigo levou un exemplar para Sevilla, ben o manuscrito de D. João I, ben unha copia del e que deste manuscrito perdido se fixo a copia de 1626.

Importante é saber tamén por que chegou despois o manuscrito a Monforte de Lemos. D. Rodrigo era moi amigo dos xesuítas en Sevilla, ós que favoreceu e protexeu, e desde 1585 ou 1586 andáballe proendo pola cabeza a idea de facer na súa terra un Colexio semellante ó que a Compañía tiña na capital andaluza. Para iso escolleu a súa terra natal de Monforte de Lemos, onde decidiu fundar un Colexio co nome de *Nuestra Señora de la Antigua*, como homenaxe a unha célebre capela de Nosa Señora, chamada a Antiga, ubicada na Catedral de Sevilla, na que se atopaba unha imaxe á que lle tiña moita devoción. As obras do Colexio de Monforte comezaron en 1593 e nese mesmo ano chegaron os xesuítas á cidade (cf. Cotarelo, I, 289-311, 313 ss., 345-350)³. O importante para nós é que no testamento (do 12-8-1598, reproducido en Cotarelo, II, pp. 326-342), ratificado por un Codicilo (do 17-9-1600; reproducido en Cotarelo, II, pp. 354-335), D. Rodrigo déixalle ó Colexio numerosísimas cousas, entre elas a súa importante Biblioteca: “Item mando al dicho Collexio toda mi librería, así de teología como de cánones, de Leyes, Historia y medicina y otras cualesquiera ciencias, artes y facultades, con todos los libros y papeles, así impresos como de mano, de cualesquiera cosas que en ella se hallaren y de ella fueren al tiempo de mi fallecimiento” (12-8-1598, en Cotarelo, II, p. 332). A Biblioteca do Cardeal foi chegando ós poucos a Monforte despois da súa morte e alí estivo ata que os xesuítas foron expulsados en abril de 1767 por orde de Carlos III. Nos meses seguintes á súa expulsión desapareceron moitos dos libros da Biblioteca e tamén pasou o mesmo na época da invasión francesa a comezos do XIX, pois os soldados galos causaron destrozos no que quedaba dela. Desta maneira, daquela magnífica Biblioteca de D. Rodrigo, con verdadeiras xoias literarias, poucas cousas se salvaron da barbarie e a incultura dos nosos devanceiros e entre os manuscritos desaparecidos está o *Livro da Montaria* (unha lista das obras conservadas e das que se ten noticia pode verse en Cotarelo, II, pp. 101-108).

3. Un fragmento do manuscrito do século XV.- Hai uns meses D. Luís Manuel Rei Taboada fíxome chegar unha fotocopia dun folio manuscrito para que lle dese algunha información sobre o mesmo. Ó lelo, deime conta de que se trataba dun anaco do *Livro da Montaria* portugués e que tiña unha importancia extraordinaria, posto que se trataba da única mostra coñecida do manuscrito medieval. Púxenme en contacto con el e indicoume que o manuscrito o atopara no Concello de Monforte de Lemos, remexendo nos papeis antigos que alí se atopaban, coma sempre, moi mal conservados, cheos de po, nun cuarto ás escuras e onde a penas se podía respirar. Estaba, como tantas veces, servindo de cuberta a outros textos, neste caso a documentos notariais. El desprendeuno dos documentos e levouno para o seu pazo da Costa (Socastro -A Coruña), onde está actualmente. O folio mide aproximadamente 32 x 26 e está escrito a 2 columnas. Está cortado pola parte superior, polo que non sabemos

³ Cotarelo, II, pp. 264-292, 295-303, 303-304, 345-352, reproduce documentos sobre a fundación do Colexio de 1 e 2-10-1592, 11-7-1593, 16-7-1593 e 19-4-1600.

cal sería a marxe superior, pois a inferior é enorme, posto que se deixou sen escribir aproximadamente 10,5 cms. Pola letra inicial *A* tan traballada e pola riqueza e coidado con que está escrito o folio, eu atreveríame a dicir que o máis probable é que se trate dun importantísimo fragmento do manuscrito real.

Este folio, como xa indiquei, conservouse porque estaba facendo de cuberta a documentos notariais e na parte inferior, escrito en sentido contrario ó do texto, alguén puxo no século XVIII as seguintes palabras: “Rexistro de Scripturas Públicas de Joseph Benito Pérez Quiroga, Escriuano del Rey Nuestro Señor y de número de la villa de Monforte de Lemos. Año de 1520”. O fragmento conservado contén unha parte dos capítulos V e VI do “Liuro terceiro de Montaria”.

4. Transcripción do fragmento.- Conservo o texto tal como se atopa no manuscrito, poñendo a puntuación á moderna e resolvendo as abreviaturas sen ningunha indicación cando só hai unha única lectura posible, como no caso de \bar{q} , transcrito por *que* (*que* 6, etc., *aqueles* 17, etc.), r^a transcrito por *tra* (*traela* 31, 98, *traelas* 20, 54, *atrauesse* 111) e a abreviatura de *er* (*fazer* 30, *ouuer* 82). Só resolvo en cursiva a abreviatura *pa* (*pera* 54, porque aparece esta forma completa en 8, 11), o signo tironiano en *e* (1, 12, 20, 32, 64, 73, 79, 87, 89, 92, 96 e 107), porque aparece escrito *e* en 4, 18, 21, 32, 51, 55, 94 e 108, e a abreviatura $\bar{t}po$ en *tempo* 94. Tamén cando o manuscrito representa a consoante nasal /n/ por til sobre a vocal, deselvólvoa en *n* ou *m*, segundo os casos, para evitar esa falsa e arbitraria interpretación tan estendida de que se trata dunha vocal nasal (cf. Lorenzo, 1988). Ademais, poño en cursiva entre [], tomando o texto do manuscrito de Lisboa, os anacos que faltan na parte cortada (na cara A faltan seis ou sete liñas e na cara B na columna da esquerda dúas ou tres liñas e na da dereita seis) e, para facilita-lo comentario, numero as liñas de 1 en diante. O texto di así:

a sseu senhor, *e* por? (¿per?) estas cousas ^{1/} recebem algũus monteyros, quan^{2/}do lhes acontece, grande sanha. ^{3/}E por tanto, por non uijrem a a^{4/}tal affrontamento, he ben de os ^{5/}darem aos moços, que os tragam ^{6/} nas treelas quando assy forem ^{7/} pera o monte. Mays ha hy al^{8/}guus scudeiros que son de stado ^{9/} que non podem leuar seus moços consi^{10/}go ao monte pera lhes leuarem ^{11/} seus alaaos; *e* foy contenda an^{12/}tre os monteyros, se era melhor ^{13/} leuarem elles meesmos os alaaos ^{14/} nas treelas quando fossem pe^{15/}ra o monte, se melhor leualos sol^{16/}tos aqueles que de tal stado fossem. ^{17/}E desto concludirom que melhor ^{18/} era de os leuarem soltos que ^{19/} nas traelas, *e* nós assy o teemos ^{20/} con elles. E a razom por que he esta: ^{21/} A melhor cousa que homem ^{22/} pode fazer he que a sua enten^{23/}çom seia de uijr a perfeçom da^{24/}quela cousa que ha de fazer. ^{25/} Hora assy he que, se hũu alaa^{26/} fosse leuado na traela desde ^{27/} saysse da uilla ata que o scu^{28/}

[deiro que o leuasse chegasse ao monte, non era de duuidar que o alaa^o non fosse enfadado e anoiado de tal leuar; e porque, se este anoiado fosse, non era de duuidar que elle non enfraqueçesse polo]

anoiamento de sua uontade de ^{29/} muy gran parte de seu ben fazer, ^{30/} o qual he ben andar na traela ^{31/} e filhar ben. E assy foy con^{32/}cludido que, por este anoiamento ^{33/} que os alaaos filham, que era me^{34/}lhor de os leuarem soltos aqueles ^{35/} que moços non teuessem que ^{36/} de os leuarem nas traelas, qua ^{37/} melhor he auer hũu noio peque^{38/}no que falecer aquele scudeyro ^{39/} que ha de guardar a armada ^{40/} per mingua de seu alaaos non uijr ^{41/} a perfeçom daquello que ha ^{42/} de fazer. Demays que aquelas ^{43/} cousas de filharem os alaaos as ^{44/} uacas non se faz cada dya conti^{45/}nuadamente, que as demays ^{46/} das uezes uãao os senhores ^{47/} ao monte per taes logares que ^{48/} non acham os alaaos gaados ^{49/} con que estas cousas façam. ^{50/} E por ende teemos que, aqueles ^{51/} que moços non teuerem, que he ^{52/} melhor de os leuarem soltos que os ^{53/} leuarem nas traelas quando pera o ^{54/} monte forem. E os que os moços ^{55/}

[teuerem daremnos a elles que os leuem.

Capitulo VI. Como o monteyro ha de teer seu alaaos na armada pera a melhor guardar].

A [primeyra cousa he que ha hy], ^{56/} aalem das ^{57/} cousas que ^{58/} dictas son ^{59/} en como o es^{60/}cudeyro deue ^{61/} de teer seu a^{62/}laaos na traela, qua acontece que ^{63/} hũu alãao he atan monteyro e ^{64/} atan ben acostumado que elle ^{65/} de sy meesmo guarda atan bem ^{66/} a armada que homem nhũu a non ^{67/} pode atan bem guardar, que elle ^{68/} pollo sentido ou pola uista ou ^{69/} polo cheiro a guarda atan bem, ^{70/} aynda que seia muyto embar^{71/}gosa, que non pode uijr nehũu por^{72/}co que o elle non senta e, en o sen^{73/}tindo, logo o mostra a aquele que o ^{74/} tem, qua elle, quando o assy sente ^{75/} ou o uee, logo ao tirar da traela ^{76/} ou polo aleuantar das orelhas ^{77/} ou do corpo, logo faz sembrante ^{78/} que o uee ou o sente e o que o traz ^{79/} logo per aquelo conhoce que o por^{80/}co lhe sal pella armada. Este ^{81/} alaaos atal aquelle que o ouer ^{82/} de teer na traela sempre se de ^{83/}

[ue de poer con elle en lugares altos e en os mays desembargados que elle poder, en tal guisa que nehũu cousa se non atrauesse ante o alaaos de o embargar de fazer aquello que sabe fazer].

A segun^{84/}[d]a cousa he que ha hy outros ^{85/} alaaos que ham outra condiçom ^{86/} desuayrada desta e non leixam ^{87/} por ende de seer boos alaaos de ^{88/} filharem e de guardarem ben as ^{89/} armadas, mays atanto que ^{90/} sentem o porco ou o ueem, logo querem ^{91/} correr a elle; e aquele que o tem na ^{92/} traela non o quer leixar, porque uee ^{93/} que non he tempo de lho poer; e quan^{94/}do o assy ten na traela, o alaaos ^{95/} começa de se esganiçar e dar ^{96/} uozes. Este alaaos atal non he ^{97/} boo de o teer na traela en alto per ^{98/} a guisa deste outro que dicto ha^{99/}uemos que era boo monteyro. ^{100/} Mays compre a qualquer que o te^{101/}uer na traela atal alaaos como ^{102/} este de se poer detras algũus ^{103/} penedos ou dalgũus outeyros ^{104/} ou detras algũu mouta, por tal ^{105/} de o alaaos non ueer o porco quando ^{106/} sal e aynda de o non sentir quanto ^{107/} no mundo elle poder. E quando ^{108/} elle cada hũu destas cousas non ^{109/} poder achar que o non possa fazer, ^{110/} atrauesse o caualllo en tal guisa ^{111/}.

Na liña 56 debe dicir *A primeyra cousa he que ha hy*, aínda que a copia do XVII di *A primeira cousa ha hi* 20, porque nas liñas 84-85 aparece *A segun[d]a cousa he que*

ha hy, tamén na copia reducido a a segunda cousa ha hi 28. Na liña 84-85 o ms. di segũga.

5. Transcrición da parte correspondente do manuscrito 4352 da Biblioteca Nacional de Lisboa.- Transcribo o texto tal como está no manuscrito, conservando mesmo a puntuación do copista. Numero as liñas de 1 en diante para facilita-la comparación co texto do manuscrito medieval. A parte transcrita está nas pp. 220-221.

(p. 220; ed. 1990, p. 232) a seu Señor, e por estas cousas recebem ^{1/} alguns monteyros, quando lhes acontese, grande saña, e por tanto por non uijrem a tal afrontamento. he bem de os darem aos moços, ^{2/} que os tragam nas treelas, quando afsi forem pera o monte: Mais ha hi alguns escudeiros, que son de estado que non podem ^{3/} levar consigo seus moços ao monte, pera lhes leuarem seus alãaos, e foi contenda entre os monteyros, se era ^{4/} melhor leuarem elles mesmos os (*despois unha palabra riscada*) alãaos nas treelas quando fofsem pera o monte, se melhor leualos soltos ^{5/} aquelles que de tal estado fofsem, e desto concluírom que era melhor de os (de os *vai entreliñado*) leuarem (*está corrixido*) soltos, que nas treelas, e nos afsi o temos con ^{6/} elles, e a razom por que; he esta: A melhor cousa que homem pode fazer he que (*está corrixido*) a sua entençom seja de uijr a per^{7/}feizom daquella cousa que á de fazer, hora afsi he, que se hum alãao fofse leuado na traela desque sahifse da uila ^{8/} ata que o escudeiro que o leuafse chegaifse ao monte, non era de dubidar, que o alãao non fofse enfadado, e anojado ^{9/} de tal levar. e porque se este anojado fofse, non era de dubidar, que elle non enfraqueceifse pello anojamento. de sua ^{10/} uontade, de muy gran parte do seu bem fazer, o qual he ben andar na treela, e filhar bem: E afsi foi con^{11/}cludido, que por este anojamento. que os alãaos filham, que era melhor de os levar soltos aquelles que moços non tiuefsem (tiuefsen? *non se le o final*) ^{12/} que de os leuarem nas traelas, ca melhor he auer hum nojo pequeno, que fallescer aquelle escudeiro que á de ^{13/} guardar a armada per mingua de seu alãao, non uijr a perfeizom daquello que á de fazer: Demais que aque^{14/}las cousas de filharem os alãaos as uacas non se faz cada dia continuamente, que as demais das uezes ^{15/} uam os Señores ao monte per taaes lugares, que non acham os alãaos gados, con que estas cousas façam: e ^{16/} por ende teemos que aquelles que moços non tiuerem, que he melhor de os leuarem soltos, que nas traelas, quando pera o ^{17/} monte forem, e os que os moços tiuerem, daremos a elles que os leuem ^{18/}.

Cap. 6 como o monteyro á de teer o seu alãao na armada para a melhor guardar ^{19/}.

A primeira cousa ha hi alem das cousas que ditas son, en como o escudeiro deue de teer o seu alãao na tra^{20/}ela, cá acontece que hum alãao he a tan monteyro, e a tam bem acostumado, que elle de si mesmo guarda tam ^{21/} bem a armada, que homem nenhum, a non pode tam bem guardar que elle pollo sentido, ou polla uista, ou pol^{22/}lo cheiro a guarda tam

bem ainda que seja muyto embargosa, que non pode uijr nenhum porco, que o elle non senta, e ^{23/} en o sentindo, logo o mostra a aquelle que o tem, ca elle quando o afsi sente, ou uee, logo ao tirar da traela ou pollo/polo? (*só se le pol na fotocopia*) ^{24/} (p. 221; ed. 1990, p. 233) aleuantar das orelhas, ou do corpo logo faz sembrante que o uee, o que o sente, e o que o traz, logo per aquello ^{25/} coñosce que o porco lhe sal polla armada: Este alãao atal, aquelle que o ouuer de teer na traela, sempre se de^{26/}ue de poer con elle en lugares altos, e en os mais defembargados, que elle poder, en tal guisa que nenhua cou^{27/}sa se non atrauefse ante o alãao, de o embargar de fazer aquello que sabe fazer. A segunda cousa, ha hi ^{28/} outros alãaos que am outra condiçom desuayrada desta, e non leixam por ende de seer boos alãaos de filharem, e ^{29/} de guardarem bem as armadas, mais a tanto que sentem o porco, ou o ueem, logo querem correr a elle, e aquelle ^{30/} que o teem na traela non o quer leixar, porque uee que non he tempo de lho poer; e quando o afsi tem na treela, o alãao ^{31/} começa de se esganiçar, e dar uozes, este alãao tal non he boo de o ter na traela en alto per a guisa deste ^{32/} outro, que difsemos que era boo monteyro: mais compre a qualquer que o tiuer na traela a tal alãao como este de se ^{33/} poer detras de alguns penedos, o outeyros, ou algua mouta, por tal de o alãao non ueer o porco quando sal, e ^{34/} ainda de o non sentir quanto no mundo elle poder: E quando elle nenhua destas cousas poder achar, que o non pofsa fazer, ^{35/} atrauefse o cauallo en tal guisa ^{36/}.

6. Lectura de Francisco M. Esteves Pereira.- Baseándose no manuscrito 4352, pero facendo algúns cambios, F. M. Esteves Pereira publicou unha edición do *Livro da Montaria* en 1918. Velaquí a versión da parte correspondente ó noso fragmento:

a seu senhor: e por estas cousas recebem algũus monteiros, quando lhes acontece, grande sanha, // e por tanto por nom uiirem a tal afrontamento, he bem de os darem aos moços, que os tragam nas treelas, quando assi forem pera o monte. Mais a hi algũus escudeyros, que som de estado que nom podem leuar consigo seus moços ao monte, pera lhes leuarem seus alaãos, e foy contenda antre os monteiros, se era melhor leuarem elles meesmos os alaãos nas treelas, quando fossem pera o monte, se melhor leuallos soltos aquelles que de tal estado fossem: e desto concludiram que era melhor de os leuarem soltos, que nas treelas, e nos assi o temos com elles, e a rezom porque, he esta: a melhor cousa que homem pode fazer he que a sua entençom seia de uiir a perfeiçom daquella cousa que a de fazer: ora assi he, que se hum alaão fosse leuado na treela, des que sahisse da uila ata que o escudeyro que o leuasse chegasse ao monte, nom era de duuidar, que o alaão nom fosse enfadado, e anojado de tal leuar: e porque se este anojado fosse, nom era de duuidar, que elle nom enfraquecesse pollo anojamento de sua uontade, de muy gram parte do seu bem fazer, o qual he bem andar na treela, e filhar bem. E assi foy concluido, que por este anojamento que os alaãos filham, que era melhor de os leuar soltos aquelles que moços nom tiuessem, que de os leuarem nas treelas, ca melhor he auer hum nojo pequeno, que fallecer aquelle escudeyro que a de guardar a armada per mingua de seu alaão, nom uiir a perfeiçom daquello que a de fazer. Demais que aquellas cousas de

filharem os alaños as uacas, nom se faz cada dia continuadamente, que as demais das uezes uam os senhores ao monte per taaes // lugares, que nom acham os alaños gados, com que estas cousas façam: e por ende teemos que aquelles que moços nom tiuerem, que he melhor de os leuarem soltos, que nas treelas, quando pera o monte forem, e os que os moços tiuerem, daremos a elles que os leuem.

*Capitulo vj, como o monteiro a de teer o seu alaño
na armada pera a melhor guardar.*

A primeira cousa a hi, alem das cousas que ditas som, em como o escudeyro deue de teer o seu alaño na treela, ca acontece que hum alaño he a tam monteiro, e a tam bem acostumado, que elle de si meesmo guarda tam bem a armada, que homem nenhum a nom pode tam bem guardar, que elle pollo sentido, ou polla uista, ou pollo cheiro a guarda tam bem, ainda que seia muyto embargosa, que nom pode uiir nenhum porco, que o elle nom senta, e em o sentindo, logo o mostra aaquelle que o tem: ca elle quando o assi sente, ou uee, logo ao tirar da treela, ou pollo aleuantar das orelhas, ou do corpo, logo faz sembrante que o uee, ou que o sente, e o que o traz, logo per aquello conhece que o porco lhe sahe polla armada. Este alaño a tal, aquelle que o ouuer de teer na treela, sempre se deue de poer com elle em lugares altos, e em os mais desembargados, que elle poder, em tal guisa, que nenhũa cousa se nom atrauesse ante o alaño, de o embargar de fazer aquello que sabe fazer. A segunda cousa, a hi outros alaños que am outra condiçom desuayrada desta, e nom leixam por ende de seer bõs alãaos de // filharem, e de guardarem bem as armadas, mais a tanto que sentem o porco, ou o ueem, logo querem correr a elle, e aquelle que o tem na treela nom o quer leyxar, porque uee que nom he tempo de lho poer: e quando o assi tem na treela, o alaño começa de se esganiçar, e dar uozes, este alaño tal nom he bõ de o teer na treela em alto per a guisa deste outro, que dissemos que era bõ monteiro: mais compre a qualquer que tiuer na treela a tal alaño como este, de se poer detras de algũus penedos ou outeyros, ou algũa mouta, por tal de o alaño nom ueer o porco quando sahe, e ainda de o nom sentir quanto no mundo elle poder. E quando elle nenhũa destas cousas poder achar, que o nom possa fazer, atrauesse o cauallo em tal guisa (pp. 340-343).

7. Tamén M. Lopes de Almeida publicou a obra de D. João I en *Obras dos Príncipes de Avis*, 1981 (o noso fragmento nas pp. 187-188), pero o que fixo este editor foi unha reprodución exacta da edición de Esteves Pereira, sen citalo nin mudar absolutamente nada da edición de 1918, o cal non fala precisamente a favor da súa integridade científica. Por iso non se entenden as palabras de J. M. de A., que na Nota Previa, morto xa o editor antes de ver publicada a obra, nos di que “reúa escrupulosamente” os textos (p. V) e que estes “foram criteriosamente revistos pelo Prof. Lopes de Almeida” (p. VII). Supoño que se referirá ás probas de imprenta, pois pouca revisión “criteriosa” podía facer cando se limitaba a copiar integramente as edicións que prepararon outros estudiosos.

8. Comentario sobre a grafía do fragmento.- O fragmento que publico utiliza as grafías propias dun texto portugués da primeira metade do século XV. Nos parágrafos que seguen comento as máis chamativas.

8.1. Para a representación do /k/ e do /ɲ/ son normais os dígrafos *lh* e *nh* respectivamente: *filham* 34, *filhar* 32, *filharẽ* 44, 89, *lhe* 81, *lhes* 3, 11, *lho* 94, *melhor* 13, 16, 18, 22, 34-35, 38, 53, *orelhas* 77 e *conhoce* 80, *sanha* 3, *senhor* 1, *senhores* 47.

8.2. Para o /l/ en posición intervocálica é normal o uso do grafema *l*: *aalem* 57, *alaa*, *alãao*, *alaaos* (cf. § 8.10), *aleuantar* 77, *aquelas* 43, *aquele* 39, 74, 92, *aqueles* 17, 35, 51, *aquelo* 80, *daquela* 24-25, *falecer* 39, *leualos* 16, *traela*, *traelas* e *treelas* (cf. § 9.1). Tamén en *pola* 69 e *polo* 70, 77. Pero pode aparecer-la grafía latinizante con *ll*: *aquelle* 82, *cauallo* 111, *daquello* 42, *elle* 65, 68, 73, 75, 92, 109, *elles* 14, 21 e *uilla* 28. En *pella* 81 e *pollo* 69 é o resultado da asimilación do *r* da preposición ó *l* do artigo.

8.3. Para a consoante /n/ en posición final de palabra alternan *m*, *n* e til sobre a vocal anterior: Temos *m* en *aalem* 57, *acham* 49, *bem* 66, 68, 70, *entẽçom* 23-24, *façam* 50, *filham* 34, *fossem* 15, *ham* 86, *leixam* 87, *leuarem* 19, 35, 37, *perfecçom* 24, 42, *recebem* 2, *tem* 75, 92, *teuerem* 52, *teuessem* 36, *tragam* 6, *ueem* 91 e *uĩjrem* 4. Aparece *n* en *ben* 5, 30, 31, 32, 65, 89, *en* 60, 73, 98, 111, *non* 94, *son* 9, 59 e *ten* 95. O til sobre a vocal está en *atã* 64, 65, 66, 68, 70, *cõ* 21, 50, *cõcludirõ* 18, *cõdiçõ* 86, *darẽ* 6, *filharẽ* 44, 89, *forẽ* 7, 55, *fossẽ* 17, *grã* 30, *guardarẽ* 89, *homẽ* 22, 67, *leuarẽ* 11, 14, 53, 54, *nõ* 4, 10, 36, 41, 45, 49, 52, 67, 72, 73, 87, 93, 97, 106, 107, 109, 110, *podẽ* 10, *querẽ* 91, *razõ* 21 e *sentẽ* 91.

8.3.1. En posición implosiva interior de palabra alternan só *n* ou til para representa-lo /n/. Por unha banda temos *antre* 12-13, *aynda* 71, 107, *contenda* 12, *ende* 51, 88, *grande* 3, *mundo* 108, *quando* 7, 15, 54, 106, 108, *sembrante* 78, *sentir* 107, etc. Por outra aparecen *acõteçe* 3, *acõtece* 63, *affrõtãmẽto* 5, *anoiamẽto* 29, 33, *atãto* 90, *cõcludido* 32-33, *cõcludirõ* 18, *cõdiçõ* 86, *cõsigo* 10-11, *cõtinuadamẽte* 45-46, *entẽçom* 23-24, *mĩgua* 41, *mõte* 8, 16, 48, 55, *mõteyro* 64, 100, *mõteyros* 2, 13, *quãdo* 2-3, 75, 94-95, *quãto* 107, *segũda* 84-85, *tãto* 4 e *uoõtade* 29. Cando se trata de /m/ nesta posición aparece a grafía *m* ou tamén til sobre a vocal: *embargosa* 71-72, *sembrante* 78, *sempre* 83, fronte a *cõpre* 101. En *tempo* 94 témo-la abreviatura *t̃po*.

8.4. Para representa-lo fonema africado /ts/ (ou xa máis ben fricativo dorsal /s/), temos *ç* ante *a*, *o*, *u* e *c* ou *ç* ante *e*, *i*: *começa* 96, *condiçom* 86, *entençom* 23-24, *esganiçar* 96, *façam* 50, *moços* 6, 10, 36, 52, 55 e *perfecçom* 24, 42, por un lado, e *acontece* 63, *conhoce* 80, *falecer* 39, *recebem* 2 ou *aconteçe* 3, por outro. En posición final temos *z*: *faz* 45, 78, *traz* 79. Para o correspondente sonoro aparece, como é normal, *z*: *fazer* 23, 25 30, 43, 110, *razom* 21, *uezes* 47 e *uozes* 97.

8.5. Tamén é normal para a xorda /ʃ/ a grafía *x*: *leixam* 87 e *leixar* 93. Para a sonora /ʒ/ só temos *i*: *anoiamento* 29, 33, *noio* 38 e *seia* 24, 71.

8.6. Para a apical xorda /s̺/ e para a sonora /z̺/ en posición intervocálica son normais as grafías *ss* e *s* respectivamente: *assy* (cf. § 8.7), *atrauesse* 111, *fosse* 27, *fossem* 15, 17, *possa*

110, *saysse* 28, *teussesem* 36 e *cousa* 22, 25, 85, *cousas* 1, 44, 50, 58, 109, *guisa* 99, 111. En posición inicial temos *ss* para a xorda en *sseu* 1.

8.7. Para a vocal /i/ atopamos maioritariamente a grafía *i*, mesmo, ás veces, en ditongos: *concludido* 32-33, *concludirom* 18, *condiçom* 86, *consigo* 10-11, etc. ou *cheiro* 70, *leixam* 87, *leixar* 93 e *scudeiros* 9. Pero hai bastantes casos de *y* e catro de *j*. Temos en *y* en *assy* 7, 20, 26, 32, 75, 95, *aynda* 71, 107, *demays* 46, *desuayrada* 87, *dya* 45, *escudeyro* 60-61, *foy* 12, 32, *hy* 8, 85, *mays* 8, 90, 101, *monteyro* 64, 100, *monteyros* 2, 13, *muy* 30, *muyto* 71, *outeyros* 104, *saysse* 28, *scudeyro* 39 e *sy* 66. Aparece *j* en *uïjr* 24, 41, 72 e *uïjrem* 4.

8.8. A grafía de /v/ é sempre *u*: *aleuantar* 77, *auer* 38, *cauallo* 111, *deue* 61, *desuayrada* 87, *hauemos* 99-100, *leuado* 27, *leualos* 16, *leuar* 10, *leuarem* 19, 35, 37, etc.

8.9. Para /k/ ante *a*, *o*, *u* é normal a grafía *c*: *cada* 45, 109, *cauallo* 111, *uacas* 45, *aconteçe* 3, *cousas* 1, *scudeiros* 9, etc. Pero temos tres casos de *qu* na conxunción *qua* 37, 63, 75, co que se iguala á grafía para /k/ ante *e* en *aquelas* 43, *aquele* 39, 74, 92, *aqueles* 17, 35, 51, *aquelle* 82, *aquelo* 80, etc. e tamén ó valor fonético de [kw] en *qual* 31, *qualquer* 101, *quando* (cf. § 9.2.11) e *quanto* 107.

8.10. A duplicación dunha vocal dáse para indicar un hiato: *alaa* 26, 41, 62-63, 82, 95, 97, 102, 106, *alāao* 64, *alaaos* 12, 14, 34, 44, 49, 86, 88, *taaes* 48 e *uāao* 47. A duplicación da consoante, sen ningún valor fonético, só se dá en *affrontamento* 5 e *sseu* 1 e o grafema *h* aparece, tamén sen valor fonético e de maneira antietimolóxica, en *he* 5, 21, 23, 26, 31, 38, 52, 64, 85, 94, 97, *hora* 26, *hūa* 109, *hūu* 26, 38, 64, *hy* 8, 85, *nehūu* 72 e *nhūu* 67. Tamén aparece noutras palabras que tiñan *h* en latín, como en *ha* 8, 25, 40, 42, 85, *ham* 86, *hauemos* 99-100 e *homem* 22, 67, sempre alternando con casos que non levan a consoante, como en *auer* 38 e *ouuer* 82.

8.11. A grafía latinizante é bastante frecuente noutros casos, ben coa presenza de *ct*, coma en *dictas* 59 e *dicto* 99, ben coa presenza do signo tironiano correspondente a *et* (que transcribo por *e*, cf. § 4), ben coa eliminación na escrita do *e* inicial, coma en *scu[deiro]* 28, *scudeiros* 9, *scudeyro* 39 e *stado* 9, 17, xunto a *escudeyro* 60-61.

9. A lingua do fragmento.- O texto que publico representa moi ben a lingua culta que se escribía en Portugal na primeira metade do século XV, tanto no referente á fonética coma á morfosintaxe.

9.1. A fonética.- No vocalismo abundan os casos en que aparece unha vocal tónica seguida doutra átona idéntica formando un hiato, sen que se chegase aínda á contracción: *gaados* 49, *meesmo* 66, *meesmos* 14, *seer* 88, *teemos* 20, 51, *teer* 62, 83, 98, *uee* 76, 79, 93, *ueem* 91, *ueer* 106, *uïjr* 24, 41, 72, *uïjrem* 4 e *uoontade* 29. Tamén se mantén a forma primitiva, xa coa perda da nasalización, en *poer* 94, 103. No caso de *a* átono seguido de *e* tónico, alternan os exemplos entre a forma primitiva e a máis evoluída coa atracción da vocal átona pola tónica: *traela* 27, 31, 63, 76, 83, 93, 95, 98, 102, *traelas* 20, 37, 54 e *treelas* 7, 15. No derivado de NEC UNU, achamos, por un lado, a forma *nehūu* 72 e, por outro, *nhūu* 67, a

menos que interpretemos que o trazo que cobre a palabra sexa unha abreviatura, posto que neste caso teríamos que ler *nehũu*.

9.1.1. Entre outras formas dignas de mención debemos cita-la conservación da vocal inicial primitiva en *logares* 48, a da tónica primitiva en *aquelo* 80, *conhoce* 80, *daquello* 42, *desto* 18 e *pera* 8, 11, 15-16, 54 (a menos que pensemos aínda na pronuncia *perá*) e o típico paso de *e* a *a* na preposición *antre* 12-13. Tamén aparecen, xunto ás formas etimolóxicas, algunhas que teñen o acrecentamento corrente nos textos medievais dun *a* inicial: *atal* 4-5, 82, 97, 102, *atan* 64, 65, 66, 68, 70, *atanto* 90 e *tal* 17, *taaes* 48.

9.1.2. Con referencia a outras evolucións fonéticas, témo-la conservación da terminación *-on*, tanto en sílaba tónica coma en átona: *concludirom* 18, *condiçom* 86, *entençom* 23-24, *non* 4, 10, 36, 41, 45, 49, 52, 67, 72, 73, 87, 93, 94, 97, 106, 107, 109, 110, *perfecçom* 24, 42, *razom* 21 e *son* 9, 59. A terminación primitiva *-an* xa pasou a *-ão* en *uãao* 47, pero consérvase en *ham* 86. No caso de *-cti-* latino temos evolución a *çç* e non a *iç*: *perfecçom* 24, 42.

9.1.3. A perda dun *-n-* intervocálico trae como consecuencia a nasalización da vocal anterior: *alãao* 64, *algũa* 105, *algũus* 2, 103, *dalgũus* 104, *hũa* 109, *hũu* 26, 38, 64, *nehũu* 72, *nhũu* 67, *ũijr* 24, 41, 72 e *ũijrem* 4. Nalgúns casos falta o til sobre a vocal de maneira incompreensible, como en *alaaos* 26, 41, 62-63, 82, 95, 97, 102, 106, *alaaos* 12, 14, 34, 44, 49, 86, 88 e *alguus* 8-9. En cambio, xa é normal a perda da nasalización primitiva en *boo* 98, 100, *boos* 88, *gaados* 49, *poer* 94, 103, *teemos* 20, 51 e *teer* 62, 83, 98.

9.1.4. Contraccións.- A preposición *de* contrae co artigo en *da* 28, 76, *das* 47, 57, 77 e *do* 78; co indefinido en *dalgũus* 104; co demostrativo en *daquela* 24-25, *daquello* 42, *desta* 87, *destas* 109, *deste* 99 e *desto* 18. Nas preposicións *por* e *per* seguidos das formas *la* e *lo* do artigo hai asimilación do *r ó l* e despois simplificación da xeminada: *pella* 81, *pollo* 69 e *pola* 69, *polo* 70, 77. Fronte a esta regra aparece, de maneira inaudita, a expresión *per a guisa* 98-99. A preposición *en* contrae co artigo e xa está xeneralizada a fase máis moderna: *na* 27, 31, 63, 83, 92, 95, 98, 102, *nas* 7, 15, 20, 37, 54 e *no* 108. A combinación dos adverbios *non* e *ben* co pronome ou artigo xa presenta as formas reducidas: *non o quer* 93, *guarda atan bem a armada* 66-67, *de guardarem ben as armadas* 89-90. Non se produce a contracción no caso da preposición *a* seguida do artigo ou do demostrativo nin tampouco das preposicións *de* e *en* cos pronomes: *ao* 48, 76, *aos* 6, *a aquele* 74, *de os darem* 5-6, *de os leuarem* 19, 35, 37, 53, *de o teer* 98, *de o non sentir* 107, *en o sentindo* 73-74.

9.2. A morfosintaxe.

9.2.1. Substantivos.- Entre os substantivos cómpre destaca-las formas propias medievais *anoiamento* 29, 33, *condiçom* 86, *cousa* 22, 25, 85, *cousas* 1, 44, 50, 58, 109, *entençom* 23-24, *gaados* 49, *logares* 48, *perfecçom* 24, 42 (forma que non documentan Machado nin Cunha, que citan *perffeioçom* no XIV), *sembrante* 78, *traela*, *traelas*, *treelas* (cf. § 9.1) e *uoontade* 29. O feminino *armada* 40, 67, 81, *armadas* 90 aparece con valor de “espera á caza”, *moços* 6, 10, 36, 52, 55 co de “criados”, *porco* 72-73, 80-81, 91, 106 co de “porco

bravo” e *guisa* 99, 111 co de “maneira”. O substantivo *monteiro*, ademais de estar aplicado ás persoas dedicadas á caza no monte (*monteyros* 2, 13), fai referencia ós cans aláns, unha vez coma substantivo (*este alaa ... que era boo monteyro* 100) e outra coma adxectivo (*hũu alãao he atan monteyro e atan ben acostumado que...* 64-65).

9.2.2. Adxectivos.- Entre os adxectivos destaca a alternancia entre *grande sanha* 3 e *gran parte* 30, a presenza das formas medievais *boo* 98, 100, *boos* 88, antepostos ó substantivo, e *desuayrada* 87, co valor de “diferente”, que vai posposto. O segundo termo da comparación vai introducido por *como* (*atal alaa como este* 102-103) ou *que*, tanto se é unicamente comparación (*melhor era de os leuarem soltos que nas traelas* 18-20) coma se vai seguido dunha oración (*era melhor de os leuarem soltos ... que de os leuarem nas traelas* 34-37, 52-54, *melhor he auer hũu noio pequeno que falecer aquele scudeyro* 38-39). A forma medieval do cuantificador *atan* + adxectivo ou adverbio 64, 65, 66, 68, 70 aparece nunha oración á que segue unha oración consecutiva. Para o superlativo temos *muy* en *muy gran parte* 30 e *muyto* en *muyto embargosa* 71-72, así como *as demays* en *as demays das uezes* 46-47, onde corresponde a “as máis”.

9.2.3. Demostrativos.- Nos demostrativos destacan as formas medievais *desto* 18, *daquello* 42 e *aquelo* 80.

9.2.4. Pronomes persoais.- Os clíticos, como é normal, van colocados antes do verbo nas oracións subordinadas: *quando lhes aconteçe* 2-3, *que os tragam* 6, *que os leuarem* 53-54, *que o uee ou o sente* 79, etc. Tamén tras determinados adverbios: *nós assy o teemos* 20, *non se faz* 45, *non o quer* 93, *logo o mostra* 74, *sempre se deue* 83. O mesmo pasa cando precede unha preposición e segue un infinitivo: *he ben de os darem* 5-6, *de os leuarem* 19, 35, 37, 53, *de lho poer* 94, *de se esganiçar* 96, *de o teer* 98, *de se poer* 103, *en o sentindo* 73-74, *pera lhes leuarem seus alaaos* 11-12. Cando vai apoiado nunha conxunción é bastante corrente que se coloque inmediatamente despois dela e antes do suxeito ou dun adverbio: *que homem nhũu a non pode ... guardar* 67-68, *que o elle non senta* 73, *quando o assy sente* 75, *quando o assy ten* 94-95, *de o non sentir* 107, *que o non possa fazer* 110. Pero tamén hai algún caso contrario a esta peculiaridade: *que elle pollo sentido ou pola uista ou polo cheiro a guarda* 68-70, *que o porco lhe sal* 80-81. É normal a posposición en *se melhor leualos soltos* 16-17. Outra particularidade é o uso dun pronome redundante que anticipa o obxecto directo que vén despois: *compre a qualquer que o teuer na traela atal alaa como este* 101-103. O uso do pronome suxeito non se fai de maneira xeral, pero aparece con profusión, especialmente *elle* 65, 68, 73, 75, 109 e *elles* 14. O plural *nós* aparece en contraposición: *nós assy o teemos con elles* 20-21. Como reflexivos temos *consigo* 10-11 e *sy* 66.

9.2.5. Posesivos e artigo.- Co posesivo na maior parte dos casos non se utiliza o artigo: *leuar seus moços* 10, *leuarem seus alaaos* 11-12, *de sua uoontade* 29, *de seu ben fazer* 30, *de seu alaa* 41, *teer seu alaa* 62. Só aparece o artigo nunha ocasión: *que a sua entençom seia* 23-24. Como formas de artigo, ademais dos normais *o*, *os*, *a*, *as*, ás veces unidos ás preposicións (*da*, *das*, *do*, *na*, *nas*, *no*, *pella*, *pola*, *pollo*, *polo*, cf. § 9.1.4), debemos cita-la forma *hũu* 26, 38, 64.

9.2.6. Indefinidos.- Nos indefinidos témo-las formas medievais *algũa* 105, *algũus* 103, *dalgũus* 104 e *nehũu* 72 seguidos de substantivo. A expresión *homem nhũu* 67 equivale a “ninguén” e o substantivo *homem* 22 ten valor indefinido de “un”. Tamén aparecen *cada hũa* 109 e *qualquer* seguido de *que* 101. A forma *tal* 17 vai seguida de substantivo e tamén se atopa en locucións: *por tal de* 105-106, *en tal guisa que* 111. O plural *taaes* + substantivo vai seguido dunha consecutiva: *per taaes logares que non acham os alaaos gaados* 48-49. Esta forma alterna co medieval *atal*, que vai seguido de substantivo (4-5) ou posposto cando precede a este un demostrativo: *este alaaao atal* 81-82, 97. Está nunha comparación en *atal alaaao como este* 102. Outra forma medieval é *meesmo* 66, *meesmos* 14.

9.2.7. Relativos.- Nos relativos é normal o uso de *que* 6, 9, etc. e *o qual* 31. O relativo *que* pode ir precedido do artigo, do demostrativo ou do indefinido: *o que* 79, *os que* 55, *aquele que* 74, 92, *aquelle que* 82, *aqueles que* 17, 35-36, 51-52, *daquello que* 42, *a qualquer que* *o teuer* 101-102. Falta o artigo en *gaados con que estas cousas façam* 49-50 e tamén en *a razom por que he esta* 21. Ademais destaca o valor de *quanto* en *e aynda de o non sentir quanto no mundo elle poder* 107-108.

9.2.8. Verbos.- Entre os verbos destacan as formas medievais *aleuantar* 77 (substantivado), *concluido* 32-33, *concludirom* 18, *conhoce* 80, *ham* 86, *leixam* 87, *leixar* 93, *poder* (fut. subx.) 108, 110, *poer* 94, 103, *sal* (pres. ind.) 81, 107, *senta* (pres. subx.) 73, *seer* 88, *son* 9, 59, *teemos* 20, 51, *teer* 62, 83, 98, *teuer* 101-102, *teuerem* 52, *teuessem* 36, *uee* 76. 79, 93, *ueer* (inf.) 106, *uĩjr* 24, 41, 72 e *uĩjrem* 4. O primitivo *van* xa pasou a *uãao* 47, as formas *filham* 34, *filhar* 32 e *filharem* 44, 89 teñen o valor de “tomar”, a de pres. de ind. *comprè* 101 significa “convén”, *falecer* 39 equivale a “fallar”, *foy contenda* 12 a “houbo disputa” e a combinación *ha hy* 8, 85 ó impersonal “hai”. Tamén é interesante o verbo *se esganiçar* 96, que Cunha, 378a, e Machado, s. v., documentan no séc. XVI.

9.2.8.1. Entre outras particularidades destaca o uso frecuente do infinitivo conxugado e do futuro de subxuntivo. O primeiro témolo en *darem* 6, *filharem* 44, 89, *guardarem* 89, *leuarem* 11, 14, 19, 35, 37, 53, 54, *uĩjrem* 4. O segundo en *forem* 7, 55, *ouuer* 82, *poder* 108, 110, *teuer* 101-102 e *teuerem* 52. Tamén debemos sinala-la forma composta *dicto hauemos* 99-100 e o uso do imperfecto de subxuntivo: *quando fossem pera o monte* 15-16, *aqueles que de tal stado fossem* 17, *desque saysse da uilla* 28, *aqueles que moços non teuessem* 35-36, que alterna con *aqueles que moços non teuerem* 51-52. A pasiva aparece en *fosse leuado* 27, *foy concluido* 32-33 e *dictas son* 59.

9.2.8.2. Canto ó uso de *auer* e *ter* debemos notar que aparece *aver* co valor de *ter* en *ha de fazer* 25, 42-43, *ha de guardar* 40, *ham* 86 e *auer* 38; ás veces seguido do propio *ter*, coma en *aquelle que o ouuer de teer* 82-83. Ó mesmo tempo aparecen formas de *ter*: *teemos* 20, 51, *teer* 62, 83, 98, *tem* 75, 92, *ten* 95, *teuer* 101-102 e *teuessem* 36. Significa “concordar con” en *e nós assy o teemos con elles* 20-21 e “opinar, xulgar, considerar” en *e por ende teemos que ... he melhor de os leuarem soltos* 51-53. Ó lado de *aver de* + inf., tamén achamos *deue de teer* 61-62.

9.2.9. Adverbios.- No texto hai varios adverbios: *ben* ou *bem* (cf. § 8.3), *continuadamente* 45-46, *logo* 74, 76, 78, 80, 91, *non* (cf. § 9.1.2) e *sempre* 83. Debemos destacar *hy*, que acompaña a *ha* na forma impersonal *ha hy* 8, 85, e as formas *assy* (cf. § 8.7), *aynda* 107 e *hora* 26. Os adverbios *muy* 30 e *muyto* 71 aparecen cun adxectivo para formar superlativos, *as demays* 46 equivale a “as máis” e *demays* 43 ten o valor de “ademais”, igual ca *aalem das* 57. Tamén destaca a repetición de *logo* en *quando o assy sente ou o uee logo ao tirar da traela ... logo faz sembrante que o uee* 75-78. O adverbio INDE aparece na combinación *por ende* 51, 88 co valor de “por iso”.

9.2.10. Preposicións.- Entre as preposicións cómpre destaca-la forma primitiva *pera* 8, 11, 15-16, 54 (en 11 seguida de infinitivo co valor de oración final), a arcaica *antre* 12-13 e a alternancia entre *por* 33 (co valor de “para” en 4 e nas combinacións *por tanto* 4, *por ende* 51, 88, *por tal de* 105-106, *a razom por que* 21) e *per* 41, 48, 80, o que dá lugar tamén a alternancia na unión co artigo entre *pola*, *polo*, *pollo* e *pella*, *per a* (cf. § 9.1.4). Dentro das construcións con *en* podemos citar *aalem das cousas que dictas son en como o escudeyro deue de teer seu alaaos* 57-63, *en tal guisa que* 111 e as contraccións *na*, *nas*, *no* (cf. § 9.1.4). Da preposición *de* destacan os usos nas frases *que melhor era de os leuarem soltos que...* 18-19 (igual en 34-35, 52-53), *que a sua entençom seia de uïjr a perfeçom daquela cousa* 24-25, *que de os leuarem nas traelas* 36-37. Ten valor de “por” en *elle de sy meesmo guarda ... a armada* 65-67, de “para” en *seer boos alaaos de filharem et de guardarem ben as armadas* 88-90 e de “a” en *começa de se esganiçar* 96. Tamén se usa na construción *aver de* e *dever de* + infinitivo (cf. § 9.2.8.2). Falta en *detras algũus penedos* 103-104 e *detras algũa mouta* 105, fronte a en *ou dalgũus outeyros* 104.

9.2.11. Conxuncións.- Nas conxuncións, xunto á temporal *quando* 2-3, 7, 15, 54, 75, 94-95, 106, 108, a adversativa *ou* 69, 76, 77, 78, 79, 91, 104, 105 ou a causal *porque* 93, destacan a adversativa *mays* 8, 90, 101, as temporais *desque* 27 e *ata que* 28, a consesiva *aynda que* 71 e a causal *qua* 37, 63, 75, co valor de “pois”, igual que ocorre con *que* 46, 68. A conxunción *que*, ademais destes valores e o de completiva en 18, 23, 26, 43, 63, 80, 85, 94, 100, 110 (repetida en 51, 52), aparece en comparacións ou consecucións: *melhor ... que* 18-19, 34-36, 38-39, 53, *atan ... atan* (+ adxectivo) ... *que* 64-65, 66-67, *atan bem ... que* 70-72, *per taaes logares que* 48. Como completiva pode seguir a un substantivo: *faz sembrante que o uee* 78-89. Ademais, *atanto que* 90 aparece co valor de “tan pronto como”, *por tal de* 105-106 co de “para que” e *en tal guisa que* 111 co de “de tal maneira que”. Como termo de comparación temos *como* en *atal alaaos como este* 102-103 e con valor modal en *en como* 60. A condicional *se* 26 aparece repetida na frase *se era melhor leuarem elles meesmos os alaaos ... se melhor leualos soltos* 13-16 (a segunda podería substituírse por *ou*).

9.2.12. Orde de palabras.- Na orde de palabras é moi frecuente na sintaxe medieval a colocación do verbo ó final da frase: *aqueles que de tal stado fossem* 17, *que melhor era* 18-19, *gaados con que estas cousas façam* 49-50, *aqueles que moços non teuerem* 51-52, *quando pera o monte forem* 54-55, *cousas que dictas son* 58-59, etc.

10. O autor da copia de 1626.- Como xa dixeran, o autor da copia de 1626 foi o bacharel Manuel Serrão de Paz nunha época en que España e Portugal formaban un único Estado e moitos portugueses coñecían o castelán e inclusive escribían nesta lingua. A Esteves Pereira, p. XII, polo nome parécelle orixinario de Portugal, tal vez residente en Monforte de Lemos e ligado a algunha familia castelá, se ben dubida entre a posibilidade de que fose un portugués que falaba habitualmente a lingua de Castela e que inadvertidamente introduciu na copia formas gramaticais e palabras alleas ó portugués e propias do castelán ou unha persoa de nacionalidade castelá que, polo costume de escribir na súa lingua, introduciu no traslado formas impropias. Estas palabras merecen un comentario e hai que matizalas. En primeiro lugar, non cabe dúbida en afirmar que un bacharel que se chama Manuel Serrão de Paz é portugués e non castelán; en segundo lugar, non se pode admitir que, de vivir en Monforte, estivese ligado a unha familia castelá, pois, de ser certo, tería que estar en relación cunha familia galega, os Condes de Lemos. Pero tamén cabe pensar noutras posibilidades. Unha delas é que o bacharel estivese en contacto cos xesuítas de Monforte, posto que estes tamén tiñan Colexios en Portugal e mantiñan relacións con Galicia, e que por eles soubese da existencia do manuscrito e decidise copialo. Outra é que algunha personalidade portuguesa, como por exemplo os Duques de Bragança, lle encomendase unha copia do libro desaparecido en Portugal para que se coñecese naquel país. O que podemos deducir lendo o texto é que o bacharel portugués coñecía o castelán e por iso comete erros ó copialo, poñendo algunhas palabras en castelán ou utilizando grafías propias desta lingua. De Manuel Serrão de Paz non sabemos nada e posiblemente fose un bacharel de Coímbra, pois en Salamanca non aparece ningún estudante portugués con ese nome. Segundo me comunica por carta Ángel Marcos de Dios, cousa que lle agradezo, desde 1580 hasta 1625 só se rexistra un Manuel Serrano, natural de Beja, que estudou Leis de 1618 a 1625, e un Manuel de Paz, natural de Bragança, que estudou Artes e Medicina desde 1618 a 1625 e obtivo o bacharelato en Artes o 30-3-1621 e en Medicina o 3-3-1625. Polo nome un Manuel de Paz podería tomarse en consideración, pero a súa condición de bacharel en Medicina en marzo de 1625 non parece falar ó seu favor.

11. Comparación do manuscrito do século XV coa copia do manuscrito de 1636.- En moitos casos o fragmento do XV achado en Monforte coincide coa copia da lectura feita por Serrão de Paz, tanto no que se refire á grafía coma á escolla das formas utilizadas, como ocorre, por exemplo, con *acham* liñas 49/16 respectivamente, *aquelle* 82/26, *bem* 66/22, 68/22, 70/23, *ben* 31/11, *boo* 98/32, 100/33, *daquello* 42/14, *desuayrada* 87/29, *elle* 73/23, *en* 73/24, *façam* 50/16, *filham* 34/12, *fossem* 15/5, *hora* 26/8, *leixam* 87/29, *leuarem* 19/6, 37/13, *melhor* 13 e 16/5, 18/6, 22/7, 34-35/12, 38/13, 53/17, *muyto* 71/23, *nas treelas* 7/3, 15/5, etc., *non he* 94/31, *pollo* 69/22, *son* 9/3, 59/20, *taaes* 48/16, *teemos* 51/17, *tem* 75/24, *traela* 27/8, *traelas* 37/13, *tragam* 6/3, *uee* 93/31 e *ueem* 91/30.

11.1. Pero, xunto ás igualdades, hai moitas diverxencias, que afectan especialmente á grafía.

11.1.1. Unha característica da copia é a substitución por *m* ou por *n* do trazo sobre a vocal para representa-la consoante nasal implosiva en posición final. Substitúeo por *m* en *atã* 65, que pasa a *atam* 21, *atã* 66, 68, 70 a *tam* 21, 22, 23, *cõcludirõ* 18 a *concludirom* 6, *cõdiçõ* 86 a *condiçom* 29, *darẽ* 6 a *darem* 2, *filharẽ* 44, 89 a *filharem* 15, 29, *forẽ* 7, 55 a *forem* 3, 18, *fossẽ* 17 a *fossem* 6, *guardarẽ* 89 a *guardarem* 30, *homẽ* 22, 67 a *homem* 7, 22, *leuarẽ* 11, 14, 53 a *leuarem* 4, 5, 17, *podẽ* 10 a *podem* 3, *querẽ* 91 a *querem* 30, *razõ* 21 a *razom* 7 e *sentẽ* 91 a *sentem* 30. Substitúeo por *n* en *atã* 64, que pasa a *atan* 21, *cõ* 21, 50 a *con* 6, 16, *nõ* 4, 10, 36, 41, 45, 49, 52, 67, 72, 73, 87, 93, 97, 106, 107 a *non* 2, 3, 12, 14, 15, 16, 17, 22, 23 (2), 29, 31, 32, 34, 35 e *grã* 30 a *gran* 11. Tamén substitúe o trazo por *n* en posición interna: *acõtece* 63 pasa a *acontesce* 21, *affrõtamento* 5 a *afrontamento* 2, *anoiamẽto* 29, 33 a *anojamento* 10, 12, *cõcludirõ* 18 a *concludirom* 6, *cõdiçõ* 86 a *condiçom* 29, *cõsigo* 10-11 a *consigo* 4, *entẽçom* 23-24 a *entençom* 7, etc. Ademais, nalgúns casos substitúe a grafía *n* por *m*: *ben* 5, 30, 32, 65, 89 pasa a *bem* 2, 11 (2), 21, 30, *ten* 95 a *tem* 31.

11.1.2. Outra característica é a estraña substitución de *nh* por *ñ* para representar /ɲ/: *conhoce* 80 pasa a *coñosce* 26, *sanha* 3 a *saña* 2, *senhor* 1 a *señor* 1 e *senhores* 47 a *señores* 16. Aparece, en cambio, *nh* nas formas modernizadas *nenhum* 22, 23 e *nenhua* 35, que están representadas no manuscrito medieval por *nhũu* 67, *nehũu* 72 e *cada hũa ... nõ* 109 respectivamente.

11.1.3. Fronte a *nh*, no caso de /l/ utiliza sempre a grafía *lh*: *filham* 12; *filhar* 11, *filharem* 15, 29, *lhe* 26, *lhes* 2, 4, *lho* 31, *melhor* 5, 6, 7, 12, 13, 17 e *orelhas* 25. Isto fai que para a representación de /l/ poidan alternar *l* ou *ll*, aínda que non sempre coinciden o manuscrito medieval e a copia. Hai coincidencia en *aquelle* 82/26, *cauallo* 111/36, *daquello* 42/14, *elle* 65/21, 68/22, 73/23, 75/24, 92/30, 108 e 109/35, *elles* 14/5, 21/7, *pella* 81 e *polla* 26, *pollo* 69/22 e tamén en *aalem* 57 e *alem* 20, *alaa*, *alãao* e *alãao*, *alaaos* e *alãaos* (cf. § 11.2.4), *aleuantar* 77/25, *aquelas* 43/14-15, *leualos* 16/5, *traela* 27/8, 63/20-21, 76/24, 83/26, 93/31, 98/32, 102/33, *traela* 31, 95 e *treela* 11, 31, *traelas* 37/13, 54/17, *traelas* 20 e *treelas* 6, *treelas* 7/3, 15/5. Pero noutros casos diverxen. Así, por un lado, temos cambio de *l* por *ll*: *aquele* 39, 74, 92 pasa a *aquelle* 13, 24, 30, *aqueles* 17, 35, 51 a *aquelles* 5-6, 12, 17, *aquelo* 80 a *aquello* 25, *daquela* 24-25 a *daquella* 8, *falecer* 39 a *fallescer* 13, *pola* 69 a *polla* 22 e *polo* 70 a *pollo* 22-23 (posiblemente tamén en 77/24). Por outro lado, dáse o cambio de *ll* por *l*: *uilla* 28 pasa a *uila* 8.

11.1.4. Outras diferencias gráficas.

11.1.4.1. Eliminación das consoantes dobres: *sseu* 1 pasa a *seu* 1, *affrontamento* 5 a *afrontamento* 2.

11.1.4.2. Cambio de *ç* ou *c* por *sc*: *aconteçe* 3 e *acontece* 63 pasan a *acontesce* 2, 21, *conhoce* 80 pasa a *coñosce* 26 e *falecer* 39 a *fallescer* 13.

11.1.4.3. Cambio de *y* por *i*: *assy* 7, 20, 26, 32, 75, 95 pasa a *assi* 3, 6, 8, 11, 24, 31, *aynda* 71, 107 a *ainda* 23, 35, *demays* 43, 46 a *demais* 14, 15, *dya* 45 a *dia* 15, *escudeyro* 60-61 a *escudeiro* 20, *foy* 12, 32 a *foi* 4, 11, *hy* 8, 85 a *hi* 3, 28, *mays* 7, 90, 101 a *mais* 3, 30, 33, *saysse* 28 a *sahisse* 8, *scudeyro* 39 a *escudeiro* 13 e *sy* 66 a *si* 21.

11.1.4.4. Cambio de *i* por *j*: *anoiamento* 29, 33 pasa a *anojamento* 10, 12, *noio* 38 a *nojo* 13 e *seia* 24, 71 a *seja* 7, 23.

11.1.4.5. Cambio de *qu* por *c*: *qua* 37, 63, 75 pasa a *ca* 13, 21, 24.

11.1.4.6. Eliminación ou acrecentamento dun *h*: *ha* 25, 40, 42 pasa a *á* 8, 13, 14, *ham* 86 a *am* 29 e *saysse* 28 a *sahisse* 8.

11.1.4.7. Cambio da grafía latinizante *ct* por *t*: *dictas* 59 pasa a *ditas* 20.

11.1.4.8. Acrecentamento dun *e* inicial en palabras que aparecen con *s* líquido no manuscrito medieval: *scudeiros* 9 pasa a *escudeiros* 3, *scu[deyro]* 28 e *scudeyro* 39 a *escudeiro* 9, 13 e *stado* 9, 17 a *estado* 3, 6.

11.2. Xunto ós cambios na grafía, temos algúns cambios fonéticos, pois ás veces dáse a substitución da forma medieval pola moderna máis evolucionada e outras prodúcense diverxencias na escolla das vocais átonas e mesmo das tónicas.

11.2.1. Substitución da forma medieval pola moderna: *algũus* 2, 103 e *alguus* 8-9 pasan a *alguns* 2, 3, 34, *gaados* 49 pasa a *gados* 16, *hũu* 26, 38, 64 a *hum* 8, 13, 21, *meesmo* 66 a *mesmo* 21, *meesmos* 14 a *mesmos* 5, *nhũu* 67 e *nehũu* 72 a *nenhum* 22, 23, *teemos* 20 a *temos* 6, *teer* 98 a *ter* 32 e *uoontade* 29 a *uontade* 11. Tamén *teuer* 101-102 pasa a *tiuer* 33, *teuerem* 52 a *tiuerem* 17 e *teuesssem* 36 a *tiuesssem* 12.

11.2.2. Cambio dunha vocal átona por outra que representa unha forma máis evoluída: *logares* 48 pasa a *lugares* 16, *traela* 31, 95 a *treela* 11, 31 e *traelas* 20 a *treelas* 6. Cf. as formas do verbo *ter* no apartado anterior.

11.2.3. Cambio da vocal tónica: *antre* 12-13 pasa a *entre* 4, *pella* 81 a *polla* 26.

11.2.4. Perda da nasalidade das vocais: *algũa* 105 pasa a *algua* 34, *uĩjr* 24, 41, 72 a *uijr* 7, 14, 23 e *uĩjrem* 4 a *uijrem* 2. Por outra banda, indícase a nasalidade cando o manuscrito medieval non a representa: *alaa* 26, 41, 62-63, 82, 95, 97, 102, 106 pasa a *alãa* 8, 14, 20, 26, 31, 32, 33, 34 e *alaaos* 12, 14, 34, 44, 49, 86, 88 a *alãaos* 4, 5, 12, 15, 16, 29 (2).

11.2.5. Mala interpretación do grupo *çç*, que se transcribe como *iç*: *perfeçcom* 24, 42 pasa a *perfeïcom* 7-8, 14.

11.2.6. Eliminación da vocal inicial: *aalem* 57 pasa a *alem* 20, *atal* 97 a *tal* 32, *atã* 66, 68, 70 a *tam* 21, 22, 23.

11.2.7. Cambio de formas verbais, como *uãao* 47, que pasa a *uam* 16, e *tem* (singular) 92, convertido en *teem* 31.

11.2.8. Cambios sintácticos son a introducción do artigo, a substitución do infinitivo conxugado polo non conxugado ou a dunha forma verbal composta por unha simple: *de seu ben fazer* 30 pasa a *do seu bem fazer* 11, *teer seu alaa* 62-63 a *teer o seu alãa* 20, *leuarem* 35 a *leuar* 12, *que dicto hauemos* 99-100 a *que dissemos* 33.

11.2.9. Cambio na orde das palabras: *non podem leuar seus moços consigo* 10-11 pasa a *non podem leuar consigo seus moços* 3-4, *melhor era* 18-19 a *era melhor* 6.

11.2.10. Outras diferencias que podemos atopar son a redución, a ampliación ou o cambio do texto. Temos redución en *que he melhor de os leuarem soltos que os leuarem nas traelas* 52-54, que pasa a *que he melhor de os leuarem soltos, que nas traelas* 17, *ou o uee* 76 pasa a *ou uee* 24, *a segun[d]a cousa he que ha hy* 85 pasa a *a segunda cousa ha hi* 28 e *detras algũus penedos ou dalgũus outeyros ou detras algũa mouta* 103-105 pasa a *detras de alguns penedos, o outeyros, ou algua mouta* 34. Temos ampliación do texto en *que o uee ou o sente* 79, que pasa a *que o uee o que o sente* 25, e cambio do texto en *quando elle cada hũa destas cousas non poder achar* 108-110, que pasa a *quando elle nenhuma destas cousas poder achar* 35.

11.2.11. Tamén achamos un castelanismo: *ou* 79, 104, que aparece coma *o* 25, 34.

12. Esteves Pereira, pp. XI-XII, comete algũns erros na interpretación dalgunhas características gráficas ou fonéticas da copia portuguesa. Acerta cando di que o uso de *b* por *v* (*dubidoso, libro*) e de *ñ* por *nh* (*coñoce, tamaño*) son características da lingua castelá do século XVII, igual có uso de *naturaliza* ou *arredrado* (por *arredado*), pero engánase cando considera características do castelán a representación da nasal⁴ por *n* en vez de *m* ou til (*en, non, can, fizeram*), a substitución de *r* por *l* (*plazer, noble, plouguer*), o uso de *sce* por *ce* (*acontescer, conhescer, fallescer, etc.*) e o uso de *medes* por *mesmo* e de *sal* por *sahe*, porque estas formas ou grafías aparecen tamén en textos portugueses e algunhas delas están no manuscrito orixinal. Tampouco o “iotacismo” de *e* átono en *diante, milhor* e *piqueno* se pode considerar “pronuncia privativa da Galiza” (p. XII), pois tamén son formas propias de textos portugueses.

13. Comparación da edición de Esteves Pereira co texto do ms. 4352.- Nas pp. XXVI-XXVIII Esteves Pereira fala das normas de transcripción e indica os cambios que fixo no texto da copia: elimina os castelanismos e restablece a forma portuguesa, tratando de aproximarse á que tería o manuscrito orixinal; restablece o suposto sinal de “nasalação da vogal final por *m* ou til” (p. XXVI), substitúe *b* por *v* en *libro* ou *dubida*, uniformiza a escrita do singular e do plural nunha serie de substantivos e tamén a escrita dunha serie de adxectivos, verbos (suprime, por exemplo, o *s* dos verbos en *-ecer*), preposicións, adverbios e conxuncións e pon á maneira romana o número dos capítulos que están en arábico.

Polo tanto, Esteves Pereira moderniza o texto e “no fundo da página dam-se na maior parte dos casos as leituras exactas do manuscrito, sôbretudo das palavras que teem a forma usada na língua castelhana” (p. XXVIII), pero moitas das formas que muda faino de maneira

⁴ Fala falsamente, coma tantos outros autores da “nasalação de vogal final de palabra” (p. XI). Tamén na p. XXVI.

incomprensible e arbitraria, pois son totalmente correctas, fronte a algunhas incorrectas que el propón. Así, altera *acontesce* en *acontece*, *coñosce* en *conhece*, *entre* en *antre*, *fallescer* en *fallecer*, *melhor* en *milhor*, *mesmo* en *meesmo*, *razom* en *rezom*, *sal* en *sahe* e *traela* en *treela*. Ademais, muda moitas palabras sen indicalo nas notas, porque xa o fai nas normas de transcripción indicadas (pp. XXVI-XXVIII). Acontece isto, por exemplo, con *algua* 34 substituído por *algũa*, *alguns* 3 34 por *algũus*, *aquelas* 14-15 por *aquellas*, *boo* 32, 33 por *bõo*, *boos* 29 por *bõos*, *ha* 3 20, 28 por *a*, *dubidar* 9, 10 por *duuidar*, *hora* 8 por *ora*, *leualos* 5 por *leuallos*, *nenhua* 27, 35 por *nehũa*, *para* 19 por *pera*, *pello* 10 por *pollo*, 6 19 por *vj*, *seja* 7, 23 por *seia* e *teem* 31 por *tem*. Tamén estraña a manía de muda-la grafía *i* por *y* e viceversa. Así, por un lado, muda *escudeiro* 9, 13, 20 en *escudeyro*, *escudeiros* 3 en *escudeyros*, *foi* 4, 11 en *foy* e *leixar* 31 en *leyxar*. Por outro, *monteyro* 19, 21, 33 en *monteiro* e *monteyros* 4 en *monteiros*. Tampouco indica os numerosos casos en que muda o *n* final en *m*, como nas palabras *non*, *son*, *con*, *gran*, *ben*, *en* e *atan* (transcrito *a tam*). Canto á puntuación, en xeral, segue a que presenta o manuscrito, se ben hai algúns casos nos que non a mantén.

14. A obra de D. João I é moi importante para a lingua portuguesa medieval, aínda que a súa lectura é só recomendable para os que teñan interese na materia, pois por moito que se empeñe Esteves Pereira en dicirnos que o seu estilo “é sempre nobre e grave ... mas sem ser pesado” (p. XIII), que é “singelo, preciso e mesmo elegante, e sempre nobre” (p. XXV), que está “a par das melhores obras do século XV” (p. XXV) e que excede mesmo ás obras de D. Pedro, D. Duarte, Fernão Lopes e Zurara (p. XXV), todo isto é unha esaxeración que non corresponde totalmente á realidade. A pena é que non dispoñamos hoxe dun manuscrito medieval completo desta obra para poder facer unha edición que conservase tódalas características lingüísticas do texto. Polo menos este fragmento que agora presento fainos ver como era a obra do gran rei e abre un camiño de esperanza á posibilidade de atopar novos vestixios.

BIBLIOGRAFÍA

- Almeida, M. Lopes de, *Obras dos Príncipes de Avis. Livro da Montaria . Leal Conselheiro . Livro da ensinança de bem cavalgar toda sela . O livro da virtuosa benfeitoria. Livro dos ofícios*. Introdução e revisão de M. Lopes de Almeida, Porto, Lello & irmão - Editores [Tesouros da Literatura e da História], 1981.
- Cotarelo Valledor, Armando, *El Cardenal Don Rodrigo de Castro y su fundación en Monforte de Lemos*, 2 vols., Imprenta de Editorial Magisterio Español [Publicaciones del «Instituto de España»], 1945, 1946.
- Cunha, Antônio Geraldo da, *Dicionário etimológico Nova Fronteira da língua portuguesa*, 2ª ed., Rio de Janeiro, Nova Fronteira, 1986.

Leal Conselheiro = Leal Conselheiro o qual fez Dom Eduarte Rey de Portugal e do Algarve e Senhor de Cepta. Edição crítica e anotada organizada por Joseph M. Piel e preparada pela Faculdade de Letras de Coimbra, sob o patrocínio do Instituto para a Alta Cultura, Lisboa, Livraria Bertrand, 1942.

Libro de Montería del rey Juan I de Portugal. Introducción de Manuel Terrón Albarrán, traducción de Gonzalo de Macedo Sherman, 2 vols., Madrid, Círculo de Bibliofilia Venatoria, 1990 (facsimile do ms. COD. 4352 da BN de Lisboa).

Livro da Cartuxa = Livro dos Conselhos de El-Rei D. Duarte (Livro da Cartuxa). Edição diplomática. Transcrição de João José Alves Dias. Introdução de A. H. de Oliveira Marques e João José Alves Dias. Revisão de A. H. de Oliveira Marques e Teresa F. Rodrigues, Lisboa, Editorial Estampa, 1982.

Livro da ensinança = Livro da ensinança de bem cavalgar toda sela que fez El-Rey Dom Eduarte de Portugal e do Algarve e Senhor de Ceuta. Edição crítica. Acompanhada de notas e dum glossário por Joseph M. Piel, Lisboa, Livraria Bertrand, 1944 (reedición facsimilar: Lisboa, Imprensa Nacional . Casa da Moeda, 1986).


Lorenzo, Ramón, “Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo *-ão* en portugués”, en Dieter Kremer (ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, Tübingen, Max Niemeyer Verlag [Instituto de Cultura e Língua Portuguesa. Consello da Cultura Galega], 1988, pp. 289-326.

Machado, José Pedro, *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, 2ª ed., 3 vols., Lisboa, Editorial Confluência - Livros Horizonte, 1967; 3ª ed., 5 vols., Livros Horizonte, 1977.

Pereira, Francisco Maria Esteves, *Livro da Montaria feito por D. João I, rei de Portugal, conforme o manuscrito n.º 4352 da Biblioteca Nacional de Lisboa* publicado por ordem da Academia das Ciências de Lisboa por Francisco Maria Esteves Pereira, Coimbra, Imprensa da Universidade [Academia das Ciências de Lisboa], 1918.

alguue moterice qua
 collee acoitece grande sanba
Certato por no uirem aa
 tal affo rano. he len dece
 dare a ce moce qce traçam
 nae trelae quando a sly fore
 pao mote **C**ayx ha hy al
 quue tudeux que son de stado
 q no pde leuar seue moce cofi
 co de mote pera llee leuare
 seue a aace q soy contenda an
 tue ce moterice seera melhor
 leuare ellee mee sinee ce alaae
 nae trelae quando foffem pe
 rao mote. se melhor leualce fol
 tre a llee que de tal stado foffe
Eest condudo que melhor
 era de leuarem soltee que
 nae trelae. r noe affo tecmce
 co elle. Farazo por q he esta
Cmelhor coufa que home
 pode fazer. he que asua cite
 com sra de uir aperfetom da
 quela coufa que ha de fazer
 hora sly he que se hui alaae
 foffe luado na trelae de que
 foffe da ualla ata queo su

anoiamento de sua nooia de
 muy gra parte de seu len faz
 o qual he len audar na trela
 q silhar len **C**est for co
 cluido que por este anoiamento
 qce alaae silhar que era me
 lhor. dece leuarem soltee a glee
 que moce no teuegem que
 dece leuarem nae trelae. qua
 melhor he auer hui noio feg
 no que falecer a gle mudeira
 que ha de guardar a armada
 per miguia de seu alaae no uir
 aperfetom daquello que ha
 de fazer **C**demare q a glee
 coufa de silhar ce alaae ac
 uacae no se faz cadadva con
 nuadamete. que ae de mare
 dae ueze uaae ce senhoce
 no mote per taace lagaree q
 no acham ce alaae gaade
 coque estae coufae facam
CEprende tecmce que a glee
 que moce no teuerem que he
 melhor dece leuare soltee qce
 leuare nae trelae. quando pao
 mote fore **E**ce quece moce



Laalem dae
 coufac que
 dictae son
 en como oes
 uidero deue
 detter seu a
 laao natucla. qua adotee q
 huu alaaio be ata moterzo q
 atalen acostumado que elle
 de si meefino guarda atalen
 armada que homie nbuti auo
 pode atalen guardar que elle
 pollo sentido ou pola iusta ou
 polo cheuo aguarda atalen
 armada que seia murto canbar
 gosa que no pode uir nbuti po
 co queo elle no senta. ten ofen
 tanto lago onoftra aaquele qo
 tem. qua elle quando asst sent
 ou ouee lago ao tirar da traela
 ou polo alevantar dae orelbae
 ou do corpo lago faz sembrante
 queo nec ou ofente. rago tras
 lago per uolocouhoce queo pe
 co the sal pella armada. Este
 alaaio atal a quelle queo ouit
 detter na traela sempre se de

ga consa he que ba br outite
 alaaio que ban outra codico
 dehuarada de sta. rno leuam
 porende de ser box alaaio de
 filliare qe guardate ten ac
 armadae. mare atato que
 sente opozco ou ouren lago qe
 ouerit aelle r asle qo tem na
 traela no ap leuar porq nec
 q non he tpo delho poer Equia
 doo asst ten na traela oalaaio
 comece de se estamiear r dar
 uozec. este alaaio atal no he
 leo deo ter na tela en alto per
 aguisa de ste oitro. q duto ba
 uemec que era leo moterzo.
 Can are cope aqualq queote
 uer na traela atal alaaio como
 este de se poer de trae alguie
 penede ou dalguie outitoe
 ou de trae alguie moua por tal
 deo alaaio no necer opozco quando
 sal armada deo no sentir quanto
 no muido elle poder Equando
 elle cadubua de fac coufac no
 poder achar qo no possa fazer
 atueffte omuallo en tel gusf.

Livro da Montaria, lámina 2.